



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	P04G070V01991			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	4	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Rodríguez Fernández, Fortunato			
Profesorado	Rodríguez Fernández, Fortunato			
Correo-e	fortunatorf@uvigo.es			
Web	http://www.coordinacav.blogspot.com			
Descrición xeral	Traballo final obrigatorio donde o alumno deberá demostrar as competencias obtidas o longo dos seus estudos			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Capacidade para aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe
CG4	Habilidade para expor os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
CG6	Coñecementos sobre a evolución histórica da imaxe e da cultura audiovisual, nos seus diferentes formatos
CE1	Coñecemento do uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
CE2	Capacidade para percibir críticamente o mundo audiovisual como froito dunhas condicións sociopolíticas e culturais ligadas a unha época histórica determinada.
CE3	Coñecemento teórico-práctico dos mecanismos legislativos de incidencia no audiovisual, así como o réxime xurídico da súa aplicación nas producións audiovisuais.
CE4	Coñecemento dos procesos e técnicas implicadas na dirección e xestión de empresas audiovisuais.
CE5	Coñecemento e aplicación das técnicas de produción e emisión radiofónicas.
CE6	Coñecementos das políticas públicas de promoción e regulatorias no ámbito da produción e distribución audiovisual nos niveis de gobernanza europeos, nacional e autonómico.
CE7	Capacidade para levar a cabo a análise e implementación de estratexias de distribución e difusión de contidos audiovisuais e a súa influencia no proceso de produción
CE8	Coñecemento e aplicación dos fundamentos da animación audiovisual
CE9	Coñecemento e aplicación das técnicas de documentación audiovisual.
CE10	Capacidade para recrear o ambiente sonoro dunha produción audiovisual
CE11	Capacidade para levar a cabo a análise das estruturas, contidos e estilos da programación televisiva.
CE12	Coñecemento da natureza e interrelacións entre os suxeitos da comunicación audiovisual: autores, institucións, empresas, medios, soportes e espectadores.
CE13	Capacidade para deseñar a posta en escena, iluminación e dirección de actores dunha produción audiovisual.

CE14	Capacidade para definir proxectos persoais de creación innovadora que contribúan ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
CE15	Coñecemento dos fundamentos da información xornalística a través dos distintos textos e xéneros ao uso, para a súa aplicación en medios impresos e dixitais.
CE16	Coñecemento da historia e evolución da linguaxe e xéneros audiovisuais a través das súas propostas estéticas e industriais.
CE17	Coñecemento e aplicación dos recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais.
CE18	Coñecemento sobre os fundamentos da historia e teoría da comunicación
CE19	Coñecemento e aplicación das tecnoloxías audiovisuais (fotografía, cinema, radio, televisión e multimedia) en función das súas capacidades expresivas.
CE20	Coñecemento da imaxe espacial e das representacións icónicas no espazo, tanto na imaxe fixa como en movemento.
CE21	Capacidade para levar a cabo a gravación, composición, edición e postproducción de produtos audiovisuais.
CE22	Capacidade para xestionar con eficacia a comunicación nas redes sociais
CE23	Capacidade para escribir con fluidez guións para os diferentes formatos audiovisuais
CE24	Coñecemento e aplicación das técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos
CE25	Coñecemento e aplicación das técnicas para o deseño e desenvolvemento de proxectos multimedia interactivos
CE26	Capacidade para levar a cabo a análise e implementación de estratexias de mercadotecnia para o desenvolvemento, distribución e consumo de produtos audiovisuais e multimedia orientados ao mercado
CT1	Comprender a importancia dos cambios tecnolóxicos, económicos e sociais no desenvolvemento de proxectos audiovisuais
CT3	Ser capaz de asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos.
CT4	Ser capaz de organizar as tarefas, realizándoas de maneira ordenada e adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
1. Habilidade para expor os resultados dos traballos académicos de maneira oral ou por medios audiovisuais ou informáticos segundo os canons das disciplinas da comunicación.	CB4	CG4	CE1	
2. Capacidade para definir proxectos persoais no campo da comunicación audiovisual.	CB2	CG3	CE2	CT1
	CB3	CG6	CE3	CT3
	CB5		CE4	CT4
			CE5	
			CE6	
			CE7	
			CE8	
			CE9	
			CE10	
			CE11	
			CE12	
			CE13	
			CE14	
			CE15	
			CE16	
			CE17	
			CE18	
			CE19	
			CE20	
			CE21	
			CE22	
			CE23	
			CE24	
			CE25	
			CE26	

Contidos

Tema	
1. Definición do tema e elección do titor/a	Definición dun proxecto e un plan de traballo relacionado cun ou varios dos ámbitos de coñecemento asociados ao título. Elección dun titor/a.
2. Realización	Desenvolvemento do traballo proxectado baixo a titorización do profesor/a.
3. Presentación	Presentación e defensa do traballo proxectado ante un tribunal.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Aprendizaxe baseado en proxectos	6	286	292
Presentación	1	5	6
Actividades introdutorias	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	O estudante realizará un traballo de investigación, de índole teórica, práctica ou teórico-práctica, sobre algún dos aspectos ou disciplinas contempladas no plan de estudos
Presentación	Ó finalizar o proxecto, e nas datas aprobadas, levará a cabo a exposición do mesmo ante un Tribunal específico, sempre segundo as directrices definidas no Regulamento de Traballos de Fin de Grao aprobado na Xunta de Facultade.
Actividades introdutorias	Terán como obxectivo informar ó estudantado das características, obxectivos e metodoloxía do proxecto.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	Cada alumno terá asignado un titor/a que lle orientará na realización do seu traballo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Aprendizaxe baseado en proxectos	A avaliación do Traballo de Fin de Grao será responsabilidade dun tribunal avaliador. O tribunal avaliará o resultado, así como a aprendizaxe e adquisición de competencias e coñecementos.	90	CB2 CG3 CE2 CT1 CB3 CG6 CE3 CT3 CB5 CE4 CT4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE10 CE11 CE12 CE13 CE14 CE15 CE16 CE17 CE18 CE19 CE20 CE21 CE22 CE23 CE24 CE25 CE26
Presentación	Na avaliación da exposición do traballo teranse especialmente en conta o cumprimento das pautas para a presentación de traballos académicos.	10	CB4 CG4 CE1

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación levaráse a cabo segundo os parámetros xerais especificados no Regulamento do Traballo de Fin de Grao.

Para ser avaliados, os traballos deberán respectar o número de caracteres (segundo se consideren traballos teóricos, prácticos ou mixtos) aprobados na Comisión Académica do Título. Ese número marcará un mínimo, podendo o alumno aumentalo se o considera esencial para o desenvolvemento do traballo.

A avaliación realizarase mediante rúbricas adaptadas ao tipo de traballo (teórico, práctico ou mixto) e aprobadas na Comisión Académica do Título.

A presentación valorarase de forma independente (ata un 10% da nota final).

Para facilitar o labor do tribunal, o titor cubrirá o apartado "informe" da Secretaría Virtual, resaltando os aspectos máis

notables do traballo así como as súas posibles deficiencias. O titor/a, achegará, do mesmo xeito e no mesmo apartado, unha nota que poderá ser tida en conta na avaliación final.

Poderanse solicitar informes a terceiros (a un máximo de dous profesores da titulación) cando haxa discrepancia entre os membros ou cando o tema do traballo sexa de especial dificultade. Solicitaranse a petición do tribunal antes da constitución do mesmo e poderán ser tidos en conta na cualificación final.

O alumno disporá de un máximo de 15 minutos na exposición diante do Tribunal

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense todas, xa que se poden levar a cabo a través do campus remoto

Metodoloxías docentes que se modifican

No se contemplan modificacións en este apartado

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Os alumnos poden concertar e asistir a titorías a través do Campus Remoto

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se contemplan modificacións neste apartado

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Outras modificacións

Non se contemplan modificacións neste apartado

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non se contemplan modificacións nas probas, mantéñense as mesmas, salvo que haxa que virtualizar a defensa do TFG (que seguirá sendo o mesmo proceso ante un tribunal)
